

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 3 de agosto de 2011**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego  
D. Carlos López Font  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Jesús Lago Rey  
D<sup>a</sup>. Raquel Díaz Vázquez  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Isaura Abelairas Rodríguez  
D. José Manuel Fernández Pérez  
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

**NON ASISTEN:**

D. Cayetano Rodríguez Escudero  
D. Angel Rivas González

Invitado:

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás trece horas e cincuenta minutos do día tres de agosto de dous mil once e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria do Pleno, Sra. Acuña Campos, por ausencia do titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, e a interventora acctal., Sra. Hernández Vidal.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(892).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.**

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

**2(893).- CONTRATACIÓN, POR PROCEDIMENTO ABERTO, DAS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DA URBANIZACIÓN DA RÚA SEVERINO COBAS, LAVADORES. FASE 1 (RÚA BAGUNDA- TRAV. SANTA CRISTINA). EXPTE. 963/440.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico, do 29.07.11, o informe de fiscalización do 3.08.11, e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo Administrativo e Control Presupostario, do 14.07.11, conformado polo xefe, o asesor xurídico e o concelleiro-delegado da Área de Fomento, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Declarar a urxencia na tramitación do expediente de contratación das obras de *construción de urbanización da rúa Severino Cobas-Parroquia Lavadores. Fase I: rúa Bagunda-Travesía de Santa Cristina*, ao amparo dos artigos 96 e 128 da LCSP, a efectos da redución de prazos do procedemento, polos motivos que figuran no informe que antecede.

2º.- Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares redatado polo xefe da Área de Fomento mailo xefe da OSPIO, con data 5 de xullo, para á “*construción de urbanización da rúa Severino Cobas-Parroquia Lavadores. Fase I: rúa Bagunda-Travesía de Santa Cristina*”, según proxecto redatado pola empresa GOC e aprobado pola Xunta de Goberno Local de data 22 de novembro de 2010.

3º.- Aprobar o prego de condicións administrativas particulares, redatado polo xefe do servizo administrativo e control presupostario da Área de Fomento, con data 6 de xullo, para a citada licitación, mediante un procedemento aberto e trámite de urxencia.

4º.- Autorizar o gasto para a contratación das obras indicadas con cargo á aplicación orzamentaria 1550.619.00.81, por un presuposto máximo de licitación de 901.403,27 €, máis o 18% (162.252,59 €) correspondente ao IVE soportado pola Administración Local, o que fai un importe total de 1.063.655,86 € (UN MILLÓN SESENTA E TRES MIL SEISCENTOS CINCOENTA E CINCO EUROS CON OITENTA E SEIS CÉNTIMOS)

5º.- Abrir o procedemento licitatorio para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

### **3(894).- CONTRATACIÓN, POR PROCEDEMENTO ABERTO, DAS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DA URBANIZACIÓN DA RÚA SEVERINO COBAS, LAVADORES. FASE 2 (TRAV. SANTA CRISTINA-BAIXADA CAPITÁN). EXPTE. 964/440.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico, do 29.07.11, o informe de fiscalización do 3.08.11, e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo Administrativo e Control Presupostario, do 14.07.11, conformado polo xefe, o asesor xurídico e o concelleiro-delegado da Área de Fomento, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Declarar a urxencia na tramitación do expediente de contratación das obras de *construción de urbanización da rúa Severino Cobas-Parroquia Lavadores. Fase II: Travesía de Santa Cristina-Baixada ao Capitán*, ao amparo dos artigos 96 e 128 da LCSP, a efectos da redución de prazos do procedemento, polos motivos que figuran no informe que antecede.

2º.- Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares redatado polo xefe da Área de Fomento mailo xefe da OSPIO, con data 5 de xullo, para á “*construción de urbanización da rúa Severino Cobas-Parroquia Lavadores. Fase II: Travesía de Santa Cristina-Baixada ao Capitán*”, según proxecto redatado pola empresa GOC e aprobado pola Xunta de Goberno Local de data 22 de novembro de 2010.

3º.- Aprobar o prego de condicións administrativas particulares, redatado polo xefe do servizo administrativo e control presupostario da Área de Fomento, con data 6 de xullo, para a citada licitación, mediante un procedemento aberto e trámite de urxencia.

4º.- Autorizar o gasto para a contratación das obras indicadas con cargo á aplicación orzamentaria 1550.619.00.81, por un presuposto máximo de licitación de 709.166,42 €, máis o 18% (127.649,96 €) correspondente ao IVE soportado pola Administración Local, o que fai un importe total de 836.816,38 € (OITOCENTOS TRINTA E SEIS MIL OITOCENTOS DEZA-SEIS EUROS CON TRINTA E OITO CÉNTIMOS)

5º.- Abrir o procedemento licitatorio para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente

**4(895).- CONTRATACIÓN, POR PROCEDEMENTO ABERTO, DAS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DA URBANIZACIÓN DA RÚA SEVERINO COBAS, LAVADORES. FASE 3 (RÚA BAIXADA CAPITÁN ATA O Nº 186). EXPTE. 965/440.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico, do 29.07.11, o informe de fiscalización do 3.08.11, e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo Administrativo e Control Presupostario, do 14.07.11, conformado polo xefe, o asesor xurídico e o concelleiro-delegado da Área de Fomento, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Declarar a urxencia na tramitación do expediente de contratación das obras de *construcción de urbanización da rúa Severino Cobas-Parroquia Lavadores. Fase III: Baixada ao Capitán ata o número 186*, ao amparo dos artigos 96 e 128 da LCSP, a efectos da redución de prazos do procedemento, polos motivos que figuran no informe que antecede.

2º.- Aprobar o prego de prescripcóns técnicas particulares redactado polo xefe da Área de Fomento mailo xefe da OSPIO, con data 5 de xullo, para á “*construcción de urbanización da rúa Severino Cobas-Parroquia Lavadores. Fase III: Baixada ao Capitán ata o número 186*”, según proxecto redatado pola empresa GOC e aprobado pola Xunta de Goberno Local de data 22 de novembro de 2010.

3º.- Aprobar o prego de condicións administrativas particulares, redactado polo xefe do servizo administrativo e control presupostario da Área de Fomento, con data 6 de xullo, para a citada licitación, mediante un procedemento aberto e trámite de urxencia.

4º.- Autorizar o gasto para a contratación das obras indicadas con cargo á aplicación orzamentaria 1550.619.00.81, por un presuposto máximo de licitación de 1.242.083,70 €, máis o 18% (223.575,07 €) correspondente ao IVE soportado pola Administración Local, o que fai un importe total de 1.465.658,77 € (UN MILLÓN CATROCENTOS SESENTA E CINCO MIL SEISCENTOS CINCOENTA E OITO EUROS CON SETENTA E SETE EUROS).

5º.- Abrir o procedemento licitatorio para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás trece horas e cincuenta e cinco minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Mª Jesús Lago Rey.